

BASES SELECCIÓN PERSOAL DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL 2017, SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.

OBXECTO:

Contratación dun máximo de 15 persoas (un posto reserva minusvalía) durante dous meses a tempo parcial, como operarios/as de servizos múltiples.

REQUISITOS:

- Desempregados/as inscritos no SPE.
- Maiores de 45 anos ou persoas vítimas de violencia de xénero.
- Posuír estudos primarios rematados.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo nas AAPP e non estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- Ser español/a ou membro da U.E. ou estado ao que se lle aplique a libre circulación de traballadores/as ou cónxuxe ou descendentes destes (con Tratado ao respecto, no seu caso).
- Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co traballo a desenvolver.

PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:

Nas oficinas municipais ou a través da Sede Electrónica da páx. Web, antes das 13.00 horas no primeiro caso, do **día 25 de abril de 2017** ou das 24 horas dese mesmo día, no caso da Sede Electrónica.

Publicación lista provisional de persoas admitidas e excluídas: **Día 26 de abril** ás 10.00 horas.

Poderán presentarse reclamacións ao respecto atas as **14.00 horas** dese mesmo día.

Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas: **Día 27 de abril** ás 10.00 h.

SELECCIÓN:

Será realizada a **día 27 de abril ás 13.00 horas** no Edificio de Servizos Múltiples Municipal.

Consistirá en:

- Cuestionario de preguntas curtas ou tipo test sobre as materias obxecto do Anexo I.

Valorarase de 0 a 6 puntos.

- *Méritos:*

Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas AAPP: 1 punto por programa ata un máximo de 3 puntos.

Carné de conducir B1 ou superior: 0,25 p/carné ata un máximo de 1 p.

ANEXO I

- Persoal ao servizo das AAPP: Tipos, dereitos e deberes.
- O termo municipal de Muxía: Lugares de interese, situación, etc.
- Nocións básicas sobre seguridade e hixiene no traballo dun/ha operario/a de servizos múltiples.
- Manexo de útiles, ferramentas e materiais de uso común nun posto de operario/a de servizos múltiples.

FINANCIADO POR: